



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN
DATA 4 DE SETEMBRO DE 2026**

PRESIDENTA ACCIDENTAL:

MARÍA JOSÉ PERNAS DÍAZ

(Resolución de Alcaldía nº 492/2026 do 19 de agosto)

MEMBROS:

ISMAEL DURÁN BEREIJO

MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ:

LUCÍA PICOS ANEIROS

SECRETARIA ACCIDENTAL:

Mª DEL MAR ANTÓN BRAGE

(Resolución de Alcaldía nº 503/2026 do 1 de setembro)

INTERVENTORA:

Mª CARMEN MENÉNDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:54 horas do día 4 de setembro de 2026, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa accidental, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria accidental da Corporación, dona Mª del Mar Antón Brage, que dá fe do acto.

A Presidencia accidental, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1. RECOÑECEMENTO, FISCALIZACIÓN, APROBACIÓN E PAGO DA RELACIÓN DE
FACTURAS F/2026/39. EXPEDIENTE: 2026/G006/000211**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 02.09.2026, que literalmente di:

“**Expediente:** 2026/G006/000211

Asunto: RECOÑECEMENTO, FISCALIZACIÓN, APROBACIÓN E PAGO DA RELACIÓN DE
FACTURAS F/2026/39

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a relación de facturas F/2026/39 que suma un importe total de 132.118,38 €:



NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRATO	PROG	ECON	IMPORTE
2026 -64	26/07/2026	B70187034	SOTO ESPECTACULOS	CONTRATACION ERIC HIDALGO / GRUPO ATENAS	SE	338	22799	16.940,00 €
26 282	31/07/2026	B82485855	HALLKUSS	RSU E LIMPEZA VIARIA JULIO	SE	1621	22700	68.956,15 €
V-FACTUR26 2026/2272	31/07/2026	A15379803	SOGAMA	Tratamento RU Xullo	SE	1623	22799	28.314,23 €
26A 00440	20/08/2026	B70101530	PIROTECNIA ROCHA	Fogos Artificiais Festas de Nosa Señora do Mar	SE	338	22799	17.908,00 €
							TOTAL	132.118,38 €

Visto o informe de REPARO de Intervención de data 01.09.2026 relativo á fiscalización da relación de facturas F/2026/39 no tocante ás seguintes facturas:

NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRATO	PROG	ECON	IMPORTE
2026 -64	26/07/2026	B70187034	SOTO ESPECTACULOS	CONTRATACION ERIC HIDALGO / GRUPO ATENAS	SE	338	22799	16.940,00 €
26A 00440	20/08/2026	B70101530	PIROTECNIA ROCHA	Fogos Artificiais Festas de Nosa Señora do Mar	SE	338	22799	17.908,00 €

Visto o Decreto de Alcaldía número 508/2026 de data 01.09.2026 de levantamento do reparo.

Visto que a autorización, disposición e recoñecemento de obrigas son unhas das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o disposto no artigo 185 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que dispón que dentro do importe dos créditos autorizados nos orzamentos corresponderá a autorización e disposición dos gastos ao presidente ou ao Pleno da entidade de acordo coa atribución de competencias que estableza a normativa vixente.

Así mesmo, e segundo as Bases 17ª e seguintes de Execución do Orzamento do ano 2026, corresponderá ao presidente da corporación a autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos. Estas facultades poderán desconcentrarse ou delegarse nos termos previstos polo artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que deberán recollese para cada exercicio, nas bases de execución do orzamento.

Como sinala o art. 8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público “a competencia é irrenunciable e exercerase polos órganos administrativos que a teñan atribuída como propia, salvo os casos de delegación ou avocación, cando se efectúen nos termos previstos nesta ou outras leis”.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.



Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Atendido que a Alcaldía, facendo uso da atribución que lle confire o artigo 21.3 da LBRL, delegou na Xunta de Goberno Local, en virtude de Decreto nº 345/2023, de data de 10.07.2023, entre outros extremos “1) Autorización, disposición e ordenación de gastos e a aprobación das facturas e certificacións de obra a partir de 12.000 euros mais IVE, dentro dos límites que competen ao Alcalde”.

Esta Alcaldía **PROPÓN** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas da relación de facturas F/2026/39 con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes do Orzamento Municipal exercicio 2026 e aprobar as correspondentes facturas, por un importe bruto de 132.118,38 euros.

SEGUNDO.- Ordenar os pagamentos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, por un importe bruto de 132.118,38 euros.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución á Intervención e Tesourería, ós efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

2. ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DO PERÍODO 2025 E LIQUIDACIÓN. EXP: 2026/X999/000262

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 27.08.2026, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DO PERÍODO 2025 E LIQUIDACIÓN. EXP: 2026/X999/000262.

Solicitude: 202600000002914

Data: 27/08/2026

Solicitante: DEPUTACIÓN DA CORUÑA

S/EXPTE: 2021EXP35040393

Datos ben inmoble:

Enderezo:

Ref. catastral:

Nº fixo recibo: 253000648003

Exercicios: 2025



Primeiro. Preséntase solicitude pola Deputación da Coruña – Servizo Provincial de Recadación Zona 5, en data 27/08/2026 e nº de rexistro de entrada 20260000002914, de proposta de baixa ou rectificación de datos.

Segundo. Compróbase polo Servizo de Recadación do Concello que procede a anulación do recibo do exercicio 2025, por non ser correcto o suxeito pasivo.

Terceiro. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmobles e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira
<https://sede.concellodecedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.



O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos correctos de titularidade do ben inmovible para o exercicio 2025, segundo o Catastro, son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF/CIF	DEREITO
				PROP. (50,00%)
				PROP. (50,00%)

VII. Anulación, liquidación e baixa en padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación do recibo correspondente ao exercicio 2025 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos do recibo a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO
253000648003	20253515022RL01R001778					2025

Igualmente procede a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. ANULAR o seguinte recibo, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO



253000648003	20253515022RL01R001778				2025
--------------	------------------------	--	--	--	------

SEGUNDO. Aprobar a liquidación da taxa de recollida do lixo correspondente ao exercicio 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de reivindicación da taxa.

TERCEIRO. Comunicar este acordo á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo ao interesado.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

3. APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE XULLO DO 2026

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 01.09.2026, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE XULLO DO 2026.

O Concello de Cedeira desenvolve o programa de Servizos Sociais de axuda no fogar e conta coa autorización de inicio de actividade inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número de identificación E-736/P.001.

A nova ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira publicada no BOP núm.:94 do 19.05.2016 adaptada ao Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo entrou en vigor o día 07.06.2016.

O regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira establece no artigo 7.8 a obriga dos usuarios de participar no pagamento do servizo nos termos establecidos na súa norma reguladora. A participación no financiamento do servizo está regulado nos artigos 17 e 18 da ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar.

Unha vez determinada a participación de cada persoa usuaria no copagamento do servizo e comprobadas as horas efectivas de atención realizadas a cada un deles polo persoal do Departamento de Servizos Sociais do Concello,

É polo que se **propón** a esta **Xunta de Goberno Local:**



1º) A aprobación das liquidacións correspondentes a:

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade dependencia**, correspondente ó mes de xullo 2026 que empeza por cun importe de 76,93 € e finaliza con cun importe de 149,72 € e se compón de 45 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 5116,04 €.

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade libre concorrência**, correspondente ó mes de xullo 2026 que empeza por DNI: cun importe de 41,40 € e finaliza con cun importe de 25,20 € e se compón de 5 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 347,69 €.

2º) Que se continúe coa recadación das cantidades.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

4. APROBACIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCiónS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA ENTIDADES E CLUBES DEPORTIVOS DE ÁMBITO MUNICIPAL DE CEDEIRA ANO 2026. EXPEDIENTE: 2026/A002/000001

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 02.09.2026, que literalmente di:

“Expediente: 2026/A002/000001

Asunto: APROBACIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCiónS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA ENTIDADES E CLUBES DEPORTIVOS DE ÁMBITO MUNICIPAL DE CEDEIRA ANO 2026.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2026, que foron aprobadas por decreto de Alcaldía 339/2026 de data 02.06.2026 e publicadas no BOP de 29.05.2026. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 12.06.2026

Consta no expediente Acta da comisión de valoración de data 13.08.2026 que outorga avaliación ás solicitudes presentadas.

Visto o informe favorable de Intervención de data 01.09.2026 relativo á proposta de concesión da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a concesión das subvencións dirixidas a entidades e clubs deportivos de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2026.



SEGUNDO. Dispoñer con cargo á aplicación 341.489.00 do vixente orzamento o gasto por importe de 45.000,00€ a favor das seguintes entidades para actividades:

ENTIDADE	CIF	SUBVENCIÓN
CLUB REMO CEDEIRA	G15138084	6.497,60 €
CLUB NATACIÓN CEDEIRA	G15448053	5.159,86 €
CLUB DE BUCEO CEDEIRA	G15902000	2.475,00 €
CEDEIRA BASKET CLUB	G09932583	4.433,65 €
CEDEIRA TENIS CLUB	G70440433	4.586,54 €
CEDEIRA SD	G15148802	5.733,17 €
CLUB DE BAILE STREET DANCE	V44956746	4.854,09 €
DISCALZAS SD	G70529409	2.775,00 €
ESCOLA KÁRATE CEDEIRA	G70367511	4.280,77 €
SOCIEDAD CAZA Y PESCA	G15132459	4.204,32 €

TERCEIRO. Dispoñer con cargo á aplicación 341.789.00 do vixente orzamento o gasto por importe de 15.000,00€ a favor das seguintes entidades para investimentos:

ENTIDADE	CIF	SUBVENCIÓN
CLUB REMO CEDEIRA	G15138084	2.624,06 €
CLUB NATACIÓN CEDEIRA	G15448053	2.083,91 €
CLUB DE BUCEO CEDEIRA	G15902000	905,00 €
CEDEIRA BASKET CLUB	G09932583	1.790,69 €
CEDEIRA TENIS CLUB	G70440433	1.852,28 €
CEDEIRA SD	G15148802	2.315,35 €
ESCOLA KÁRATE CEDEIRA	G70367511	1.729,79 €
SOCIEDAD CAZA Y PESCA	G15132459	1.698,92 €

CUARTO. Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 100% do importe subvencionado, isto é, 45.000,00€, con cargo a aplicación 341.489.00, retendo o o 30% do importe da subvención en concepto de garantía de conformidade con previsto na base oitaba das bases reguladoras, a favor das seguintes entidades:

ENTIDADE	CIF	SUBVENCIÓN
CLUB REMO CEDEIRA	G15138084	6.497,60 €
CLUB NATACIÓN CEDEIRA	G15448053	5.159,86 €
CLUB DE BUCEO CEDEIRA	G15902000	2.475,00 €
CEDEIRA BASKET CLUB	G09932583	4.433,65 €
CEDEIRA TENIS CLUB	G70440433	4.586,54 €
CEDEIRA SD	G15148802	5.733,17 €
CLUB DE BAILE STREET DANCE	V44956746	4.854,09 €
DISCALZAS SD	G70529409	2.775,00 €



ESCOLA KÁRATE CEDEIRA	G70367511	4.280,77 €
SOCIEDAD CAZA Y PESCA	G15132459	4.204,32 €

QUINTO. Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 100% do importe subvencionado, isto é, 15.000,00€, con cargo a aplicación 341.789.00, retendo o 30% do importe da subvención en concepto de garantía de conformidade con previsto na base oitaba das bases reguladoras, a favor das seguintes entidades:

ENTIDADE	CIF	SUBVENCIÓN
CLUB REMO CEDEIRA	G15138084	2.624,06 €
CLUB NATACIÓN CEDEIRA	G15448053	2.083,91 €
CLUB DE BUCEO CEDEIRA	G15902000	905,00 €
CEDEIRA BASKET CLUB	G09932583	1.790,69 €
CEDEIRA TENIS CLUB	G70440433	1.852,28 €
CEDEIRA SD	G15148802	2.315,35 €
ESCOLA KÁRATE CEDEIRA	G70367511	1.729,79 €
SOCIEDAD CAZA Y PESCA	G15132459	1.698,92 €

SEXTO. Excluir a ASOCIACIÓN VILA DO DEPORTE con CIF G26823161 por non acadar a puntuación mínima exixida nas bases.

SÉTIMO. Notificar o presente acordo ás entidades interesadas con indicación dos recursos que resulten procedentes.

OITAVO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

5. APROBACIÓN ANTICIPO SUBVENCIÓN NOMINATIVA ASOCIACIÓN ANPA “O BECO” DO IES PUNTA CANDIEIRA PARA O ANO 2026. EXPEDIENTE: 2026/A004/000001

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 02.09.2026, que literalmente di:

“Expediente: 2026/A004/000001

Procedemento: Concesión subvención nominativa

Asunto: Aprobación anticipo subvención nominativa Asociación ANPA “O Beco” do IES Punta Candieira para o ano 2026.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Mediante Acordo da Xunta de Goberno Local de data 21.08.2026, acordouse a aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a Asociación ANPA “O Beco” do IES Punta Candieira con NIF G15376692 para o ano 2026.



O 26.08.2026 asinouse o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a antedita asociación, unha vez presentada a documentación esixida na cláusula terceira do convenio.

O importe a subvencionar é de 10.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 324.489.00 do orzamento municipal para o exercicio 2026.

Consta no expediente informe favorable de Intervención de data 01.09.2026 relativo ao anticipo do 100% do importe da subvención, reténdose o 30% en concepto de garantía ata a xustificación do importe concedido.

Por todo iso, de conformidade co disposto na lexislación vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 100% do importe subvencionado, isto é, 10.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 324.489.00 do orzamento do ano 2026 a favor da beneficiaria, a Asociación ANPA “O Beco” do IES Punta Candieira con NIF G15376692.

SEGUNDO.- Reter o 30% do importe da subvención en concepto de garantía de conformidade con previsto na cláusula quinta do convenio.

TERCEIRO.- Dar coñecemento da presente resolución aos departamentos de tesourería e intervención aos efectos oportunos.

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

6. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 505/2026 DE DATA 01.09.2026 DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN ECUESTRE A CRINA DE CEDEIRA PARA O ANO 2026. (APROBACIÓN DO ANTICIPO)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 505/2026 de data 01.09.2026, que di:

“Expediente: 2026/A004/000002

Asunto: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN ECUESTRE A CRINA DE CEDEIRA PARA O ANO 2026.

DECRETO DA ALCALDÍA

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 21.08.2026, acordouse a aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a ASOCIACIÓN ECUESTRE A CRINA DE CEDEIRA, con CIF G15936719 para o ano 2026.

O 25.08.2026 asinouse o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a antedita asociación, unha vez presentada a documentación esixida na cláusula terceira do convenio.



O importe a subvencionar é de 3.500,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 334.489.00 do orzamento municipal para o exercicio 2026.

Consta no expediente informe favorable de Intervención de data 01.09.2026 relativo ao anticipo do 100% do importe da subvención, reténdose o 30% en concepto de garantía ata a xustificación do importe concedido.

Atendida a necesidade de proceder sen dilacións á concesión do anticipo da subvención nominativa entre o Concello de Cedeira e a entidade ASOCIACIÓN ECUESTRE A CRINA DE CEDEIRA, con CIF G15936719, para que a entidade poida facer fronte aos gastos da Xuntanza e Ruta Cabalar Cedeira 2026 que se celebrará o sábado 5 de setembro de 2026.

En base ao anterior, esta Alcaldía, de conformidade co disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 100% do importe subvencionado, isto é, 3.500,00€, con cargo a aplicación 334.489.00 do orzamento do ano 2026 a favor da beneficiaria, ASOCIACIÓN ECUESTRE A CRINA DE CEDEIRA, con CIF G15936719.

SEGUNDO.- Reter o 30% do importe da subvención en concepto de garantía de conformidade con previsto na cláusula quinta do convenio.

TERCEIRO.- Dar coñecemento da presente resolución aos departamentos de tesourería e intervención aos efectos oportunos.

CUARTO.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

7. ASUNTOS VARIOS

Pola Presidencia accidental sométese a consideración da Xunta de Goberno Local, por razóns de urxencia, a seguinte proposta:

7.1 CONTRATO MENOR DE OBRAS DE DESMANTELAMENTO DA PONTE DE MADEIRA QUE CRUZA O RIO CONDOMIÑAS

Expte.: 2026/C002/000025

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 04.09.2026, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: CONTRATO MENOR DE OBRAS DE DESMANTELAMENTO DA PONTE DE MADEIRA QUE CRUZA O RIO CONDOMIÑAS

Expte.: 2026/C002/000025



A pasarela existente que cruza o río Condomiñas en Cedeira á altura da planta da estación de bombeo presenta un estado de deterioro que aconsella a súa retirada e substitución por unha ponte nova. Isto é debido á perda de integridade da propia madeira como das vigas principais como polo estado de conexións do entramado estrutural sustentador da propia pasarela. As vigas principais perderon parte da súa resistencia debido acción dos axentes biolóxicos.

O entramado portante atópase en mellor estado que as vigas, pero presenta unha serie de deficiencias graves en gran parte dos seus elementos: fendas lonxitudinais na zona dos apoios dos distintos elementos, estado de oxidación avanzado das placas de apoio e outros elementos principais, tornilería floxa, perda dalgún dos elementos de anclaxe...

A AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL (XERA - CIS Madeira) inspeccionou a pasarela de madeira a petición do concello de Cedeira tras detectarse deformacións, sensación de inseguridade e danos visibles. Realizáronse dúas inspeccións (abril e maio do 2026) onde se confirmou que a estrutura presenta un grave deterioro con risco inminente de desplome, motivo polo que se ordenou o seu peche inmediato para o paso de persoas.

Por isto, considérase urxente a intervención proposta para dismantelar a ponte de madeira que cruza o Río Condomiñas, mediante a contratación externa cunha empresa capacitada, por non dispoñer o Concello de medios propios para este fin.

O gasto consiste, polo tanto, na execución das obras necesarias para o dismantelamento da ponte de madeira que cruza o Río Condomiñas.

Para este fin recibíronse os seguintes orzamentos:

- EXCAVACIONES Y CANALIZACIONES CONDE, S.L., con CIF B15822620. Presenta con data 18.08.2026 (R. E. 2026/999/1984) un orzamento relativo ás obras necesarias para o dismantelamento da ponte de madeira que cruza o Río Condomiñas, polo importe de 22.936,53 € e 4.816,67 € en concepto de IVE (total IVE incluído: 27.753,20 €).
- CONSTRUCCIONES GUERREIRO SOMOZAS, S.L., con CIF B15768880. Presenta con data 19.08.2026 (R. E. 2026/999/1996) un orzamento relativo ás obras necesarias para o dismantelamento da ponte de madeira que cruza o Río Condomiñas, polo importe de 22.936,53 € e 4.816,67 € en concepto de IVE (total IVE incluído: 27.753,20 €).
- VILLASUSO ORTEGAL, S.L., con CIF B15800907. Presenta con data 19.08.2026 (R. E. 2026/999/2001) un orzamento relativo ás obras necesarias para o dismantelamento da ponte de madeira que cruza o Río Condomiñas, polo importe de 22.892,56 € e 4.807,44 € en concepto de IVE (total IVE incl.: 27.700,00 €).

Con data 01.09.2026 o órgano de contratación emitiu unha proposta de gasto por un importe total de 27.700,00 € (IVE incluído).

Con data 03.09.2026 emítese pola Intervención municipal un informe de retención de crédito polo mesmo importe.

Por todo o exposto, **proponho á Xunta de Goberno Local** a adopción do seguinte acordo:

1.- Declarar a conformidade coas propostas presentadas.



2.- Aprobar o gasto e adxudicar mediante un contrato menor a VILLASUSO ORTEGAL, S.L., con CIF B15800907, as obras consistentes no desmantelamento da ponte de madeira que cruza o Río Condomiñas, polo importe de 22.892,56 € e 4.807,44 € en concepto de IVE (total IVE incl.: 27.700,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 1720.22799, e coas seguintes condicións:

- No prazo de cinco días hábiles, a contar dende o día seguinte á recepción da notificación de adxudicación da obra, o contratista deberá presentar a seguinte documentación:

- Certificados que acrediten que está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte ó Estado, Comunidade Autónoma e fronte a Tesourería da Seguridade Social que impoñen as disposicións.
- Certificado da súa inscrición no Rexistro de Contratistas (ROLECE), ou no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia. No caso de non dispor, haberá de presentar escritura ou documento de constitución, os estatutos ou acto fundacional nos que conste as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro Público que corresponda segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate, así como o Número de Identificación Fiscal (NIF).
- Plan de seguridade e saúde

- A acta de comprobación do replanteo deberá formalizarse no prazo máximo de **un mes** contado desde a recepción da notificación do presente acordo.

- O prazo de execución é de 3 SEMANAS, contados dende a sinatura da acta de comprobación do replanteo.

3.- Notificar o presente acordo aos licitadores.

4.- Dar traslado deste acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia accidental levántase a sesión ás 14:03 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria accidental, dou fe.

A PRESIDENTA ACCTAL
Mª JOSÉ PERNAS DÍAZ

A SECRETARIA ACCTAL
Mª DEL MAR ANTÓN BRAGE